

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de decembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día dezoito de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1416).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1417).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2014. EXPTE. 5237/335.

Visto o informe de fiscalización do 13.12.13, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento negociado con publicidade para a contratación do deseño e produción das carrozas para a cabalgata de Reis 2014 á mercantil LA

FIESTA ESCÉNICA, S.L., por un prezo total de 37.994 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. de 6.594 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

3(1418).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA”. EXPTE.2491/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 16.12.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: “ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA”. Expte. 2364/443.

Localidade e situación: NAVIA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.

Contratista titular do plan: ALDASA, SLU.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. PABLO SÁENZ VILLAR.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: ALDASA, SLU.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA”.*
2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria ALDASA, SLU., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1419).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ADECUACIÓN DA PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA”. EXPTE. 2492/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 16.12.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: “ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA”. Expte. 2364/443.

Localidade e situación: NAVIA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 28 de xuño de 2013 aprobou o PROXECTO DE ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA, cun orzamento de base de licitación de 240.000,00 € Ive engadido, e en data 13 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa ALDASA, SLU. por un prezo total de 211.199,99 € Ive engadido.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- *Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico Municipal: D. ÁLVARO CRESPO CASAL*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “ALDASA, SLU”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1420).- SEGUNDA RESOLUCIÓN DE RECURSOS PRESENTADOS CONTRA ACORDO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO- EJERCIZO 2013. EXPTE. 6482/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 10.12.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar os recursos de reposición que deseguido se relacionan e polas causas que se indican:

SOLICITANTE	DNI-NIE	Recurso	Doc-Recurso
MATEI, MADALINA	X9207412Y	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante consta de alta no Padrón Municipal de Habitantes desde o 17/08/2012, polo que incumple o establecido no artigo 5.b	130140201
ESCUDERO DUAL, ANGELA	53185336K	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante, esta de alta como demandante de emprego desde o 19/07/2013, xa que foi "baixa por non renovación da demanda" polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130139947
CONCHADO JIMENEZ, BEGOÑA	36143844B	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante, esta de alta como demandante de emprego desde o 12/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130143178
ANDRADE LONGUEIRA, FATIMA	53181220E	Conforme a documentación existente no expediente de solicitude só consta unha persoa como convivente coa solicitante, polo que tendo en conta os ingresos da unidade 364,90 €, tendo en conta os compoñentes da unidade de convivencia (2), a Renta Per Cápita é de 182,45 € , polo que incumple o establecido no artigo 5.f. No recurso aduce a un tercer compoñente do que non aporta documentación de ningún tipo, agás un volante de empadramento.	130142395
SURDU, ADRIANA LILIANA	Y1691036K	Conforme a documentación existente no expediente Don Catalit Madalin Sordu, Don Beniamin Samuel Sordu, Dona Ana María Sordu, Dona Sunamida Sordu, Abel Timotei Sordu e Don Emanuel Sordu constan con data de alta no Padrón Municipal de Habitantes con data 03/12/2012 , polo que incumple o establecido no artigo 5.b.	130142060
DUMITRU, MARIANA	Y2303989R	Conforme a documentación existente no expediente Don Durac Ghita, consta de alta como demandante de emprego desde o 11/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130140176
RUDARU, IONEL	X8204409X	Conforme a documentación existente no expediente Don Ionel Rudaru consta con data de alta no Padrón Municipal de Habitantes do 09/01/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.b.	130142347
QUINTAS GALLEGU, JULIA	36039305F	Conforme a documentación existente no expediente Don Artur Méndez Quintas e Don André	130141836

		Méndez Quintas, constan con data de alta como demandantes de emprego con data 24/09/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g	
RETAMOZO, ANDREA ALEJANDRA	X6191846Q	Conforme a documentación existente no expediente Don Carlos Francisco Rodríguez, consta con data de alta de demandante de emprego desde o 19/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g	130143062
DURAC, IONICA	Y2003589G	Conforme a documentación existente no expediente Don Daniel Samuel Durac, Dona Adelina Ionica Durac, Don Isac Durac, Dona Elisabeta Andreea Durac, Don Avran Vladut Durac e Don Iacov Durac, constan con data de alta no Padrón Municipal de Habitantes con data 14/05/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.b.	130142033
GIRALDEZ VAQUERO, ROCIO	76899320Q	Conforme a documentación existente no expediente Don Jaime Tabeira Da Costa, consta de alta como demandante de emprego desde o 15/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130143077
HAYAT, FOUZIA	X4779485Q	Conforme a documentación existente no expediente Don Segundo Sánchez Vargas non ten renovada a súa demanda de emprego o 10/06/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130142030
VADANA, DANIEL	X9202859F	Conforme a documentación existente no expediente Dona María Radu, consta como alta de demandante de emprego o 10/07/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130142037
PAZ HERMIDA, AVELINO	76696311M	Conforme a documentación existente no expediente Dona Camila Valiñas Quesada, consta de alta como demandante de emprego desde o 22/08/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130142265
MARICIA CHIFOR	Y0731966M	Conforme a documentación existente no expediente Dona Carmen Craciun, consta de alta como demandante de emprego desde o 02/04/2013, máis non ten renovado a demanda o 02/07/2013 polo que carece de validez, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130139859
LUCIA FERNANDEZ GIMENEZ	36117106E	Conforme a documentación existente no expediente Dona Chabeli Suarez Fernández, consta de alta como demandante de emprego desde o 11/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130140263
CESPEDES MIRANDA, LUIS ALBERTO	X4082572A	Conforme a documentación existente no expediente Dona Eulalia Patricia Macías consta de data como demandante de emprego desde o 05/08/2013, e os ingresos da unidade de convivencia ascienden a 426,00 €, polo que a Renta Per Cápita es de 213,00 €, polo que incumple o establecido nos artigos 5.f e 5.g.	130142708
VADANA, CATALIN	Y1259750P	Conforme a documentación existente no expediente Dona Georgeta Lavinita Vadana, Don Catalin Madalin Vadana, Don Costel Emanuel Vadana e Don Daniel Florin Vadana constan con data de alta no Padrón Municipal de Habitantes con data 24/04/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.b.	130142034
HERNANDEZ GABARRI, M.	3468020B	Conforme a documentación existente no expe-	130140268

ELENA		diente Dona M ^a Elena Hernandez Gabarri consta de alta como demandante de emprego desde o 11/07/2013, Dona Yara Jiménez Hernandez consta de alta como demandante de emprego desde o 11/07/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	
MATILDE MOSQUERA, RICARDO	36148458W	Conforme a documentación existente no expediente Dona Rosa Ana Matilde Mosquera e Don Adrian Puertas Matilde, constan con data de alta no Padrón Municipal de Habitantes do 07/05/2013, e Dona Rosa Ana Matilde Mosquera consta como demandante de emprego desde o 10/07/2013, polo que incumple o establecido nos artigos 5.b e 5.g.	130142941
ALBERTO MARIANO CHAGA CATALDI	36170693L	Conforme a documentación existente no expediente Dona Yolanda Chaga Rodríguez non ten renovada a demanda de emprego desde o 12/03/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g	130142149
CODREANU, IONEL	Y0570533D	Conforme a documentación existente no expediente e unha vez consultado o Padrón Municipal de Habitantes, non constan como empadronados no mesmo domicilio Don Benamin Codreanu, Dona Rebeca Codreanu, Don Moise Codreanu e Don Daniel Codreanu, polo que tendo en conta os ingresos 463,28 € e os compoñentes da unidade de convivencia (2), a Renta Per Cápita asciende a 231,64 € polo que incumple o establecido no artigo 5.f	130143109
JIMENEZ MONTOYA, ROSARIO	36078466E	Conforme a documentación existente no expediente no padrón Municipal de Habitantes, non consta como compoñente da unidade de convivencia Dona Nazaret Díaz Jimenez.	130142394
BRACE ACQUAH, ANTHONY	X347740E	Conforme a documentación existente no expediente non atende a subsanación de documentación solicitada, polo que incumple o establecido no artigo 6.e	130140086
SOTELINO BOUZA, JOSE ALBERTO	53193063C	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante e Dona Mayerssi Jazmin García constan con data de alta como demandantes de emprego con data 19/07/2013 e 18/07/2013 respectivamente , polo que incumple o establecido no artigo 5.g	130143223
GALARRETA ALVAREZ, VICTOR JOY	X9640235S	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante non aportou a documentación solicitada o 20/08/2013 (modelo 130 ou 131) , polo que incumple o establecido no artigo 6.e	130143115
PASCU, MIHAITA	Y0157872Z	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante, consta de alta como demandante de emprego desde o 11/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130140295
LAZAR, CATALIN IOSIF	X8292458S	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia ascienden a 666,62 € (506,31+160,31) , polo que incumple o establecido no artigo 5.d (645,30 €). Igualmente a tarxeta de demanda de emprego do solicitante non se atopa renovada o 29/04/2013, polo que se incumple co establecido no artigo 5.g	130140292
REYES UGARTE, TANIA VANESSA	Y1654209V	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia as-	130142854

		cienden a 834,99 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.d.	
DWAMENA, WILLIAMS	X6561972A	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia ascienden a 890,10 € , polo que incumple o establecido no artigo 5.d (645,30 €). Igualmente a tarxeta de demanda de emprego de Dona Nancy Adjoa Agyemang consta como de alta desde o 08/08/2013, polo que se incumple co establecido no artigo 5.g	130140259
TOBAH, GRAHAM	X1749701E	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 1.045,56 € (426,00 + 619,56 €), superiores ao establecido con ingresos máximos da unidade de convivencia (645,30 €), polo que incumple o establecido no artigo 5.d.	130142368
COELLO PAREDES, NADIA	53189937E	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 339,03 €, e tendo en conta os compoentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 169,51 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130143153
RAMIREZ JIMENEZ, YESICA	53190422R	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 340,65 €, e tendo en conta os compoentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 170,32 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130139964
LOPEZ COLLAO, ORIELE YSABEL	54383924X	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 341,05 €, e tendo en conta os compoentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 170,52 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130140226
FERNANDEZ PEREZ, ANTONIO	36003753J	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 364,90 €, e tendo en conta os compoentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 182,45 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130139902
COSTAS ADELL, PABLO	53170482W	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 388,65 €, e tendo en conta os compoentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 388,65 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130140047
DEL RÍO IGLESIAS, EUGENIO	36074378M	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 399,38 €, e tendo en conta os compoentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 399,38 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130140217
PEREZ TRONCOSO, VICTOR	36050060K	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 399,38 €, e tendo en conta os compoentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 399,38 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130140018
LOMBA SIERRA, MARIA TERESA	76902411W	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 426,00 €, e tendo en conta os com-	130139770

		penentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 213,00 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	
DOIRO TABOADA, CARLOS	36040567G	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 426,00 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 426,00 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130142850
ILIE, LUMINITA	X7823991N	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 468,03 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (3) a Renta Per Cápita asciende a 156,01 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130140236
MOURIÑO FERNANDEZ, M. EUGENIA	44137531W	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 468,03 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (3) a Renta Per Cápita asciende a 156,01 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130143218
GARCIA MOREIRAS, ELISARDO	76898650J	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 474,85 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 474,85 € €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130143146
SALAZAR PANYAGUA, JUAN GRABIEL	Y1140617S	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 714,90 € (364,90 + 350,00), superiores ao establecido con ingresos máximos da unidade de convivencia (645,30 €), polo que incumple o establecido no artigo 5.d.	130141845
ECHEGOYEN GONZALEZ, MARINA	3600707A	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 790,90 € (364,90 + 426,00), superiores ao establecido con ingresos máximos da unidade de convivencia (645,30 €), polo que incumple o establecido no artigo 5.d.	130142373
REY SANCHEZ, SILVIA	36177327Y	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, asciende a 439,03 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 219,51 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130143233
SOW, RASSOL	Y2234211M	conforme a documentación existente no expedienteo solicitante só aporta tarxeta de mellora de emprego, non aporta a documentación establecida tanto si é traballador por conta allea ou propia, certificacións de ingresos, etc, polo que incumple o establecido no artigo 6.	130142088
GARRIDO VAZQUEZ, HUGO CELSO	36002592W	Conforme a documentación existente no expedienteos ingresos da unidade de convivencia ascienden a 516,53 € (426,00+90,53) e, tendo en conta o número de compoñentes da unidade de convivencia (3) a Renta Per Cápita correspondiente é de 172,18 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130140286
MARCHANTE PEREZ, CARMEN AFRICA	36050139P	Conforme a documentación existente no expedienteos ingresos da unidade de convivencia durante os 6 meses anteriores a solicitude ascienden	130141812

		den a 399,67 €, polo que tendo en conta o compoñentes da mesa (2), a Renta Per Cápita é de 199,98 € , polo que incumple o establecido no artigo 5.f	
HERNANDEZ GABARRI, MARIA TERESA	36122097E	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia ascienden a 761,30 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.d	130143213
GIMENEZ ROMERO, MARIA CRUZ	36083503E	Conforme a documentación obrante no expediente a solicitante e D. Emilio Jimenez Gimenez, constan de alta como demandantes de emprego o 08/07/2013 e o 16/07/2013 respectivamente, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130143177
TEIXEIRA LOPES, SILVIA REGINA	X3910992A	Conforme a documentación obrante no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de emprego o 17/07/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130142371
OTERO PIÑEIRO, DEBORAH	36126301V	Conforme a documentación obrante no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de emprego o 19/07/2013 e Dona María Teresa Iglesias Piñeiro non ten renovada a súa demanda o 10/06/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130141039
FOLGAR FERNANDEZ, MARIA AURORA	36157033K	Conforme a documentación obrante no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de emprego o 19/07/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130142440
BERNARDEZ MARTINEZ, FATIMA	36155592Y	Conforme a documentación obrante no expediente D. Gilberto Moreira Villar, constan de alta como demandantes de emprego o 18/07/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130143022
JIMENEZ JIMENEZ, M ^a ISABEL	35472456Q	Conforme a documentación obrante no expediente D. Paulo Fernández Amaya, consta de alta como demandante de emprego o 18/07/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130142504
VELOSO GUERERO, PABLO	36168043Z	Conforme a documentación obrante no expediente o solicitante, consta de alta como demandante de emprego o 18/07/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130142052
MBACKE NDIAYE, SERIGNE	Y1939829T	Conforme a documentación obrante no expediente o solicitante, consta de alta como demandante de emprego o 19/07/2013 e non se aporta tarxeta de demanda de Don Ndiouga Ndiaye Ndiaye, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130142361
DIOP, AMNDY	X7543947Q	Conforme a documentación obrante no expediente os ingresos da unidade de convivencia ascienden a 472,20 €, polo que endo en conta o número de membros (1) a Rentra per Cápita asciende a 472,20 €, polo que incumple co establecido no artigo 5.f	130142266
RIBEIRO MORAIS, GISELLE CRISTINA	Y0516256N	Conforme a documentación obrante no expediente, Don Anderson Morais De Souza, esta inscrito como demandante de emprego o 10/09/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130141970
ION, MARIANA	X4529498Q	Conforme a documentación obrante no expediente, Dona Silvia Oprea, non tiña renovada a demanda de emprego e xunto co recurso achega tarxeta de demandante de emprego o 01/10/2013, polo que incumple co establecido no artigo 5.g	130141793

OMAR MOHAMED, OMAR	X4876868V	Conforme a documentación obrante no expediente, Dona Zulfa Abubakar Jilo non esta inscrita como demandante de emprego, polo que incumpre co establecido no artigo 5.g	130142075
WANE NDIAYE, FALLOV	X8976673A	Conforme a documentación obrante no expediente, o solicitante, consta como data de alta no padrón o 17/09/2013, xa que no seu momento incumpriu coa obriga de renovación establecida para os residentes non comunitarios, polo que incumpre co establecido no artigo 5.b.	130142035
ALVAREZ GARCIA, JOAQUIN	34720775K	Conforme a documentación obrante no expediente, os ingresos declarados percibiudos mensualmente ascendían a 364,90 € e tendo en conta o número de componentes de unidade (1) a Renta Per cápita é de 364,90 €, polo que incumpre co establecido no artigo 5.f.	130140133
FERREIRA GONZALVO, CARLOS	36108916C	Conforme a documentación obrante no expediente, os ingresos declarados percibiudos mensualmente ascendían a 399,38 € e tendo en conta o número de componentes de unidade (1) a Renta Per cápita é de 399,38 €, polo que incumpre co establecido no artigo 5.f.	130140606

SEGUNDO.- Aceptar os seguintes recursos por adecuarse as bases da convocatoria:

ORTIZ ALVAREZ, JOSE MIGUEL	39458327X	Se acepta o seu recurso por cuanto a inscrición como demandante de emprego aínda que é posterior se debe a ter realizado traballos con contrato e achega as nóminas correspondentes.	130139928
JEAH MARCIANO DO CARMO	X9690276P	Se acepta o seu recurso por cuanto a inscrición como demandante de emprego de Dona Vanete Pereira Dias do Carmo, non tiña autorización para traballar, conforme o seu permiso de residencia	130140188
FACALET, MARIANA	X6309054Q	Se acepta o seu recurso por cuanto a inscrición da solicitante como demandante de emprego é de data 11/07/2011.	130140083
ALVAREZ BARREIRO, M CARMEN	53173324S	Se acepta o seu recurso por cuanto a solicitante estivo a traballar ata o 12/07/2013, conforme o certificado da empresa que achega e os ingresos non superan os establecidos nas bases da convocatoria.	130140260
ALVES DA SILVA, PRISCILLA TALITTA	YB334854	Se acepta o seu recurso por cuanto a solicitante, non pode estar a inscrito como demandante de emprego por carecer de permiso de residencia tramitado o 11/07/2013.	130142320
LORES DA COSTA ALVAREZ, MARIA DE FATIMA	X27380965	Se acepta o seu recurso por cuanto carece de ingresos.	130440075

FERNANDEZ DURILLO, DOLORES	36146721J	Se acepta o seu recurso por cuanto Don Santiago Garbarre Suarez, non pode estar a inscrito como demandante de emprego por atoparse cumprindo condena en prisión desde o 14/01/2012.	130142288
BARBOLIN FRANCO, ROSALIA	54384530H	Se acepta o seu recurso por cuanto non pode estar inscrita como demandante de emprego por traballar a xornada reducida, e con uns ingresos mensuais de 313,65 € (116,37+197,28), para 3 conviventes.	130142398
RABHA AIT MOCH	X4371803D	Se acepta o seu recurso por cuanto os ingresos da unidade de convivencia non superan os establecidos nas bases da convocatoria.	130143879
TATIANA SUAREZ GANDARA	53171956G	Se acepta o seu recurso por cuanto a solicitante, aporta a tarxeta de demandante de emprego debidamente cumprimentada.	130143527

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO: Tramitar un libramento a xustificar polo importe de 17.639,50 € correspondente as operacións 201300039821 de 11/06/2013 por importe de 2.450.000,00 € e 201300049315 de 27/06/2013 por importe de 300.000,00 € da partida 9240 4890020 "Plan compensación contra a crise" do presuposto en vigor do ano 2013, a ingresar na conta habilitada número 2080 5000 62 3110251592, e proceder ao aboamento do importe total concedido, mediante cheque bancario nominativo ás DEZ (10) solicitudes aceptadas, por un importe de 1.763,95 € a cada unha delas.

6(1421).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL EN MATERIA DE RECOÑECEMENTO DE CATEGORÍA PROFESIONAL PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ DÍAZ. EXPTE. 24629/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 12.12.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 30/09/2013 (documento nº 130111410) D. José Manuel Vázquez Díaz, con DNI nº 36.044.945-N, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo,

con praza de axudante de oficios e destinado no Museo Municipal "Quiñones de León" presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de recoñecemento de categoría profesional e reclamación de cantidade.

O reclamante manifesta no escrito indicado que realiza unha serie de funcións que entende corresponden á categoría e oficial de oficios, reclamando, en consecuencia, un importe económico de 2.084, 84 euros en concepto de presunta diferenza salarial.

2.- En dilixencia de data 01/10/2013 solicitado informe á xefatura do servizo, que foi emitido en data 19/11/2013.

3.- Recibidos os mesmos no Servizo de Recursos Humanos, procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive– a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación de dereito e cantidade que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido do informe emitido pola Dirección do Museo Municipal "Quiñones de León" en data 19/11/2013, no cal literalmente se sinala que:

"O Servizo de Recursos Humanos do Concello de Vigo achega a esta Dirección reclamación de José Manuel Vázquez Díaz, en materia de recoñecemento de categoría profesional, para informe sobre o seu contido.

Non corresponde a esta Dirección a valoración da pertinencia ou non da reclamación efectuada polo antedito, é dicir, en relación á categoría profesional onde deba encadrarse, e polo tanto, o presente informe límitase exclusivamente á valoración dos motivos cos que sustenta a súa reclamación.

a) En relación ó motivo primeiro. O demandante non está destinado na Pinacoteca do Museo Quiñones de León de Castrelos como expón no motivo primeiro, senón no Museo Quiñones de León, desenvolvendo a súa xornada íntegramente no Pazo de Castrelos, e só, de xeito excepcional, na pinacoteca Francisco Fernández del Riego dada a dependencia orgánica deste equipamento respecto desta Dirección.

b) En relación aos motivos, segundo, terceiro e quinto:

+ O demandante realiza as tarefas de carácter xeral ou específico de axuda e colaboración que lle son requiridas con carácter xeral, e baixo a coordinación desta dirección, polo capataz de Mantemento do Servizo de Museos, encadrado na Concellería de Cultura, Festas e Museos, e baixo a súa supervisión.

+ O demandante non realiza dirección de tarefas de persoal de inferior categoría.

+ O demandante realiza labores elementais con máquinas sinxelas. As incidencias que esixan coñecemento e emprego de máquinas ou ferramentas de complexidade –referidas basicamente ao sistema eléctrico, fontanería, ar acondicionado, seguridade, etc...do pazo de Castrelos, son resoltas directamente por empresas especialmente contratadas para estes fines e sempre, con carácter xeral, baixo a supervisión do Capataz de Mantemento do Servizo de Museos.

+ O demandante non realiza control e supervisión da maquinaria, inmovible, etc, referida ao Pazo de Castrelos; máis ben observación simple periódica do estado do inmovible en idénticas condicións que os vixilantes municipais das instalacións do Pazo. Caso de observar anomalía o antedito, como os vixilantes, comunicallo, habitualmente de xeito verbal –non mediante parte de traballo- a esta Dirección quen realiza control e supervisión da anomalía detectada para a súa resolución polo capataz de mantemento do Servizo de Museos. Non se comprende con exactitude a expresión “aplica os tonos especiais das pinturas que se aplican nas salas de exposición do museo”, agás que ésta se refira ao simple labor de pintado de determinados paramentos en todo caso sempre de forma puntual e sempre como complemento interno das empresas contratadas externamente.”

Do contido do citado informe despréndese que as funcións realizadas polo reclamante axústanse no seu contido á guía de funcións aprobada para os postos de traballo de axudante de oficios, anexas á relación de Postos de Traballo, non constando a realización de funcións diferentes ás adecuadas ao subgrupo de titulación profesional de encadramento (Subgrupo E, nos termos do establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público).

III.- En calquera caso, un hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de ter sido realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Área

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

Dado que no informe do propio xefe do servizo se sinala que non concorre a realización d efuncións de categoría superior, nin tampouco consta neste Servizo de Recursos Humanos a comunicación de insuficiencia de efectivos especializados por parte do Museo Municipal “Quiñones de León”, cabe concluir que non se acredita o suposto fáctico motivador da reclamación previa plantexada, motivo polo cal enténdese debe ser desestimada.

IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral formulada por D. José Manuel Vázquez Díaz, con DNI 36.044.945-N, en escrito de data 30/09/2013 (documento administrativo nº 130111410) nos termos dos informes emitidos pola Dirección do Museo Municipal “Quiñones de León” en data 19/11/2013, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) e Dirección do Museo Municipal “Quiñones de León”, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1422).- RECLAMACIÓN PREVIA EN MATERIA DE DESPIDO PRESENTADA POR DA. VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ. EXPTE. 24677/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 12.12.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 15/10/2013 (documento administrativo nº 130118242) D^a Verónica Costas Rodríguez, con DNI 36.135.344K, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en

materia de despido, derivada da presunta prestación de servizos na Oficina de Supervisión de Proxectos, Infraestructuras e Obras (OSPIO) integrada na Área administrativa de Servizos Xerais (Área de goberno de Fomento).

A reclamante carecen de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- En relación ao dito escrito, foi solicitado informe á Xefatura dada Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras (OSPIO) en data 18/10/2013; solicitude que foi reiterada en data 13/11/2013, sendo finalmente emitido o informe en data 25/11/2013 polo Sr. Xefe da Área de Servizos Xerais e que obra incorporado ao presente expediente administrativo.

3.- Recibido o mesmo no Servizo de Recursos Humanos, procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación en materia de despido nulo que conforman o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto, non existindo vínculo laboral nin funcional/de servizo algún da reclamante co Concello de Vigo

III.- No informe emitido pola Xefatura da Área de Servizos Xerais (Fomento) en data 25/11/2013 sinálase literalmente que:

“Nos expedientes de contratación de obras para humanización de diversas rúas que se veñen tramitando durante os derradeiros anos inclúese dentro do criterio de valoración un apartado denominado “Aportación económica ao control de calidade superior ao mínimo especificado no prego de prescripcións técnicas do proxecto”.

Da cantidade total ofertada pola empresa contratista adxudicataria, unha parte, normalmente un 4% sobre o importe da adxudicación da obra, se dedica ao control de calidade de obra, concepto que inclúe, entre outros, a revisión de toda a documentación que se xenera durante a execución da obra, correspondente ao control de calidade da mesma (ensaios, inspeccións, certificacións, etc...)

A empresa adxudicataria contrata estes servizos cunha entidade de control, neste caso coa empresa GALAICONTRON, entidade de inspección a que pertencen as dúas persoas denunciadas, as cales viñan realizando as tarefas descritas na Oficina de Supervisión de Proxectos e Obras (OSPION) ubicada na planta 11 da casa consistorial”.

En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre as reclamantes –que, en toda caso, teñen a condición de persoal da empresa “GALAICONTRON, S.L.” á cal prestaban ou prestan servizos- e o Concello de Vigo, debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicadas e as reclamantes, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesionario para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labores de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencan á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou

alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.

As prestacións obxecto do contrato xestionado pola Área de Fomento (Oficina de Supervisión de Proxectos, Infraestructuras e Obras), segundo se detalla no informe do de data 25/11/2013, concrétnanse –sempre según o manifestado no citado informe- en tarefas especializadas en materia de “control de calidade de obra, concepto que inclúe, entre outros, a revisión de toda a documentación que se xenera durante a execución da obra, correspondente ao control de calidade da mesma (ensaíos, inspeccións, certificacións, etc...)”; a tal efecto, debe observarse que en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral fixo nin temporal, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN AL-DABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:

“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida...(....)....a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto de estes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

*VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétnase no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realiza-se unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.
Doutrina que ten as súas orixes no principio *nemo potest contra proprium actum venire*.*

Toda vez que a reclamante tiña pleno coñecemento e capacidade –e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización do seu contrato laboral coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente, que en ningún caso atopa amparo no marco legal vixente en materia de emprego público. Admitir a mesma conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.

IX.- En canto á afirmación de pertenza/encadramento en unha concreta categoría profesional plantexada no apartado primeiro do escrito (“Administrativa”) cómpre manifestar por este Servizo de Recursos Humanos que dito feito non resulta axustado á realidade, debido a que:

- a) O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo establece no seu artigo 1 que será aplicable ás relacións entre a Corporación Municipal e os empregados ao seu servizo integrados no cadro de persoal municipal; requisito que non se cumpre no suposto da reclamante, que carecen de tal condición.*
- b) As funcións inherentes aos postos de administrativos/as de administración xeral por definición se asocian legalmente a postos reservados a persoal funcionario, dadas as funcións que a lexislación lles atribúe (Vid. artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que contempla no seu apartado 1 que: “corresponde a los funcionarios de la Escala de Administración General el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráti-*

cos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos o auxiliares de Administración General”).

Máis concretamente, o apartado c) do indicado artigo 169 sinala que “pertencerán a la Subescala Administrativa de Administración General los funcionarios que realicen tareas administrativas, normalmente de trámite y colaboración”; por tal motivo, non cabería afirmar a equivalencia entre as funcións propias dos administrativos/as de Administración Xeral e as realizadas polas reclamantes para a súa empresa.

- c) Non consta o acceso ao emprego público da reclamante nas condicións do establecido no artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, que sinala literalmente que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”
- d) En idéntico senso, tampouco hai constancia de que s reclamante se atope integrada no cadro de persoal orzamentario nin na Relación de Postos de Trabajo (RPT) do Concello de Vigo (BOP nº 220, do 16 de novembro do 2010).
- e) As retribucións dos empregados/as públicos (funcionarios ou laborais fixos, integrados no cadro de persoal municipal) ao servizo do Concello de Vigo veñen establecidas, con carácter xeral, na vixente Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que contempla unha serie de táboas numéricas de obrigado cumprimento e aplicación e que se concretan en:
- *Retribucións básicas (soldo base, antigüidade e pagas extraordinarias): determinadas nos seus importes pola indicada lei. Debe terse en conta que no ano 2012 suprimíuse a paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro dese ano por imperativo legal contido no Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.*
 - *Retribucións asignadas ao posto: complemento de destino, con contías tasadas por lei. En canto ao complemento específico, a lei permite a fixación ata uns máximos contemplados na mesma, debendo ser determinado dito concepto retributivo consonte a parámetros obxectivos asociados aos factores integrantes e inherentes ao posto de traballo (responsabilidade, adicación, especial preparación técnica, perigosidade, etc) que en todo caso, se realiza por cada Administración Pública coa aprobación dos seus instrumentos de ordenación de recursos humanos ex artigo 74 da Lei 7/2007, do 12 de abril, e que no Concello de Vigo atópanse determinados na vixente Relación de Postos de Trabajo anteriormente indicada.*

X.- En calquera caso, debe advertirse que, de resultar probadas en sede xurisdiccional a presunta proporción de instrucións ou ordes do servizo por parte do persoal municipal indicado e identificado no escrito da reclamante, ou ben a cesión de claves informáticas de utilización individualizada, deberán depurarse as responsabilidades disciplinarias que procedan.

XI.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de despido nulo formulada en escrito de data 15/10/2013 (documento nº 130118242) por D^a Verónica Costas Rodríguez, con DNI 36.135.344K, nos termos do informe emitido pola Xefatura da Área de Servizos Xerais (Fomento) de data 22/11/2013 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á reclamante aos efectos oportunos, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura da Área de Fomento e Xefatura do Servizo da OSPIO, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1423).- RECLAMACIÓN PREVIA EN MATERIA DE DESPIDO NULO PRESENTADA POR DA. SUSANA BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ, DA. ROSA BARANDELA VÁZQUEZ E DA. PATRICIA VILLAR POSADA. EXPTE. 24343/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 12.12.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 05/08/2013 (documento nº 130092919) D^a Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D^a Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D^a Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, presentan reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de despido nulo ou subsidiariamente improcedente, derivado da presunta prestación de servizos nos centros cívicos de Teis, Casco Vello e Saiáns, xestionados polo Servizo de Participación e Atención Cidadá.

As reclamantes carecen de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e por tal motivo, non se someten aos sistemas de control de presenza horaria –obrigatorios para os empregados/as públicos municipais- nin constan na xestión de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal.

As reclamantes manifestan e recoñecen no texto da reclamación previa manter un vínculo contractual laboral coa empresa “IMESAPI, S.A.” dende o 01/01/2008.

2.- En relación ao citado escrito, foi solicitado informe á Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, informe que foi emitido en data 22/11/2013 e que obra incorporado ao presente

expediente administrativo, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto das reclamacións de recoñecemento de dereito (declaración da condición de “traballadoras fixas laborales indefinidas do Concello de Vigo” segundo consta no folio 5 da reclamación previa) que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.

A maior abundamento, debe engadirse a existencia dunha obiva confusión, por parte das reclamantes, entre as clases de persoal ao servizo das Administracións Públicas, que contemplan, definen e clasifican os artigos 8 e 11 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, e da lectura dos cales se deduce que un vínculo indefinido é ben distinto dun vínculo fixo, non podendo darse ambas condicións ao mesmo tempo.

III.- No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá en data 22/11/2013 sinálase literalmente que:

“Con data 8 de agosto de 2013 a xefa de recursos humanos solicita informe con relación á reclamación previa en concepto de despido nulo presentada por D^a Susana Bernárdez Fernández, D^a Rosa Barandela Vázquez e D^a Patricia Villar Posada, conforme ao exposto na reclamación previa INFORMO:

1. As interesadas estiveron ata o pasado 31/07/2013 contratadas pola empresa ImesApi Movilidad S.A., para o desenvolvemento dos servizos de atención ao público e conserxeríanos seguintes centros cívicos municipais:

- o D^a Susana Bernárdez Fernández no Centro Cívico Municipal de Teis.*

- *D^a Rosa Barandela Vázquez no Centro Cívico Municipal do Casco Vello.*
- *D^a Patricia Villar Posada no Centro Cívico Municipal de Saians.*

2. As funcións que desenvolven son as establecidas no prego de cláusulas técnicas aprobado na convocatoria para a “Contratación de Servizo de atención ó público e conserxería dos catro centros cívicos dependentes da concellería de Participación Cidadá situados no Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, e que son as seguintes:

- *Utilización das aplicacións informáticas correspondentes a cada Unidade, e máis especialmente os paquetes ofimáticos estándar (tratamento de textos, folla de calculo, base de datos, etc).*
- *Tratamento da información en xeral: ordenador, mecanografía, realizando as correccións ortográficas necesarias.*
- *Confección e manexo de ficheiros, comprobación de direccións, etc. Manexo de máquinas de rexistrar, copiar, reproducir, microfilmear, clasificar, encadernar, cortar, destruír, selar, ensobrar, expedir, etc.*
- *Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais, atendendo a visitantes e cidadáns en xeral sobre temas relacionados coa dependencias, así como atención telefónica e telemática.*
- *Ofrecer información sobre ás actividades culturais, lúdicas e festivas organizadas polo Concello ou entidades públicas ou privadas.*
- *Manter os expositores con Información turística, de emprego, etc.*
- *Franqueo, ensobrado, clasificación, entrega, recollida, transporte e distribución de correspondencia e paquetería; manexo de fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outras máquinas sinxelas de oficina.*
- *Recollida, transporte e reparto de documentos, expedientes, aparellos, etc. dentro do centro; colocación e retirada de documentos en taboleiros de anuncios ou similares.*
- *Custodia e manexo das chaves das distintas oficinas e despachos; apertura e peche de portas, fiestras, luces, calefacción e outros fluídos, así como preparación de aulas ou salas.*
- *Revisión de instalacións internas e externas. No caso de avaría ou desperfecto que requira intervención profesional, comunica-lo ó servizo de Atención Cidadá para a súa resolución.*
- *Prendido, control e apagado de calefacción.*
- *Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realiza-las súas funcións.*
- *Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.*
- *Todas aquelas que teñan acomodo polas funcións propias do posto.*

3. Que desde el inicio del contrato e conforme se establecía no mesmo a persoa responsable de xestión do servizo que actuó como interlocutor co Concello de Vigo é D. Jose Antonio Miguez Bastos e no seu caso D. Ramón Comesaña Alonso.

4. Que esta xefatura como responsable do servizo xestor do contrato, ten procurado exercer a facultade de dirección e inspección do cumprimento do contrato conforme establece a cláusula 8 do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo Excmo. Concello de Vigo, no que entre outros partados establece que “A Administración goza das máis amplias facultades de comprobación, dirección e inspección acerca do servizo. En consecuencia coas súas facultades do parágrafo anterior, a Administración, en canto teña relación co servizo contratado,

poderá recabar do contratista a documentación e información que estime oportuna, de calquera orden; poderá establecer os sistemas de control de calidade a empregar e levar a cabo as inspeccións que estime pertinentes, de toda índole; así como está facultada para díctar as disposicións oportunas para o estrito cumprimento do convindo”.

5. Con relación ao apartado SEGUNDO, subapartados 4 e 5, a adxudicación do servizo non establecía a necesidade de que por parte da empresa adxudicataria se dotase de medios distintos aos existentes no distintos centros cívicos municipais.

6. Con relación ás vacacións, permisos e baixas, as mesmas son resoltas pola empresa adxudicataria do servizo, conforme estable o prego de cláusulas técnicas:

Os cambios de persoal, motivados polos períodos de vacacións, deberanlle ser comunicados ó responsable municipal do servizo, cunha antelación, de cando menos, 15 días. Os derivados de baixa por enfermidade ou baixas voluntarias deberán ser comunicados á maior brevidade posible. Calquera outro cambio non incluído nos dous grupos anteriores, deberá solicitar autorización, por escrito, cunha antelación mínima de 15 días e deberá ser autorizado polo responsable municipal do servizo.

7. O Concello de Vigo, non ten impartido formación para o desenvolvemento das súas actividades, as interesadas.

8. Os enderezos electrónicos utilizados son xenéricos e non personalizados (camcascovello@vigo.org, camteis@vigo.org e camsaians@vigo.org).

9. A xestión do Banco de Tempo, aínda que inicialmente foi posto en marcha mediante o programa de Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo, a xestión do mesmo ten a mesma finalidade que a de calquera outra actividade que se desenvolva nos centros, tanto xestionadas directamente polo polo Concello de Vigo, como por entidades sin ánimo de lucro, ou cidadás.

10. Puntualmente e como resultado da aprobación de proxectos destinados a mulleres vítimas de violencia de xénero, e dentro dos programas de cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo, cara a formar de xeito teórico e profesionalmente a estas mulleres, na prestación de servizos de apoio a cidadanía en tarefas que non precisaran dunha especialización determinada por parte das traballadoras, estiveron prestando os servizos nos centros, pero sempre baixo a dirección a todos os efectos do servizo de Emprego.

11. O nomeamento dunha coordinadora, entre o persoal da empresa ImeApi, se realizou a solicitude desta xefatura, motivada polas reiteradas chamadas desde os centros cívicos municipais ao persoal do servizo de Participación Cidadá, e coa finalidade de garantir e mellorar un nivel de reposta axeitado ás necesidades dos usuarios e usuarias dos centros cívicos municipais, reiterando a necesidade de realizar todas os contacto con servizo xestor a través da mesma.

O servizo Participación e Atención Cidadá, como xestor do contrato, se ten rexido en todo momento polo establecido no prego de prescricións técnicos que establecen no seu apartado 4 “Características do servizo”, entre outras que “A empresa adxudicataria será a encargada de desenvolver os traballos encomendados baixo os criterios sinalados polo Concello de Vigo, de manter actualizada a axenda diaria e

toda aquela información de carácter externo ó Concello e validar a información, recoller as queixas e suxestións que se realicen, recoller e entregarlle periodicamente ó responsable municipal do servizo as estatísticas, realizar as enquisas que se estimen oportunas; pasar parte ó responsable municipal de cantas incidencias puideran derivarse da xestión diaria, mantendo en todo momento unha liña de comunicación co Concello fluída e transparente. Tamén deberá dar conta detallada das quendas de traballo e calquera modificación destas, atendendo neste punto as recomendacións do Concello.”

O que se informa aos efectos oportunos.”

En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre as reclamantes –que, en toda caso, terían a condición de persoal da empresa “IMESAPI, S.A.” á cal prestaban ou prestan servizos- e o Concello de Vigo, debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicada e as reclamantes, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

Por outra banda, e tal e como se sinala no informe do Xefe do Servizo, nada ten que ver o Concello de Vigo na organización e xestión das incidencias relativas a permisos ou vacacións das indicadas reclamantes, que xestiona directamente a empresa coa cal mateñen vínculo contractual laboral, existindo un interlocutor designado pola empresa para a xestión das relacións co Concello de Vigo.

A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesioanria para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labores de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencen á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven fa-

cilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.

As prestacións obxecto do contrato xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo se detalla no informe do de data 11/04/2013, en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas exclusivamente a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN ALDABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:

“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida...(....)...a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétase no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.

Doutrina que ten as súas orixes no principio nemo potest contra proprium actum venire.

Toda vez que as reclamantes tiñan pleno coñecemento e capacidade –e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización dos seus contratos laborais coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se

exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente, nin dun presunto despido derivado ou inherente ao mesmo..

Admitir a mesma conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil, con consecuencias sumamente negativas no acceso ao emprego público.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da "relación laboral" -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado "Medidas en relación coas empresas de servicios contratadas polas AAPP" (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

IX.- En canto á afirmación de pertenza/encadramento en unha concreta categoría profesional plantexada no apartado primeiro do escrito, manifestar que dito feito non resulta axustado á realidade, debido a que:

- a) O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo establece no seu artigo 1 que será aplicable ás relacións entre a Corporación Municipal e os empregados ao seu servizo integrados no cadro de persoal municipal; requisito que non se cumpre no suposto das reclamantes, que carecen de tal condición.*
- b) A categoría profesional das reclamantes coa súa empresa nada ten que ver coas funcións inherentes aos postos de administrativos/as de administración xeral, que por definición se trata de postos reservados a persoal funcionario, dadas as funcións que a lexislación lles atribúe (Vid. artigo 169 do real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que contempla no seu apartado 1 que: "corresponde a los funcionarios de la Escala de Administración General el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráticos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos o auxiliares de Administración General").*

Máis concretamente, o apartado c) do indicado artigo 169 sinala que “pertencerán a la Subescala Administrativa de Administración General los funcionarios que realicen tareas administrativas, normalmente de trámite y colaboración”; por tal motivo, non cabería afirmar a equivalencia entre as funcións propias dos administrativos/as de Administración Xeral e as realizadas polas reclamantes para a súa empresa.

- c) Non consta o acceso ao emprego público nas condicións do establecido no artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, que sinala literalmente que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”
- d) En idéntico senso, tampouco hai constancia de que as reclamantes se atopen integradas no cadro de persoal orzamentario nin na Relación de Postos de Trabajo (RPT) do Concello de Vigo (BOP nº 220, do 16 de novembro do 2010).
- e) As retribucións dos empregados/as públicos (funcionarios ou laborais fixos, integrados no cadro de persoal municipal) ao servizo do Concello de Vigo veñen establecidas, con carácter xeral, na vixente Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que contempla unha serie de táboas numéricas de obrigado cumprimento e aplicación e que se concretan en:
- *Retribucións básicas (soldo base, antigüidade e pagas extraordinarias): determinadas nos seus importes pola indicada lei. Debe terse en conta que no ano 2012 suprimíuse a paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro dese ano por imperativo legal contido no Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.*
 - *Retribucións asignadas ao posto: complemento de destino, con contías tasadas por lei. En canto ao complemento específico, a lei permite a fixación ata uns máximos contemplados na mesma, debendo ser determinado dito concepto retributivo consonte a parámetros obxectivos asociados aos factores integrantes e inherentes ao posto de traballo (responsabilidade, adicación, especial preparación técnica, perigosidade, etc) que en todo caso, se realiza por cada Administración Pública coa aprobación dos seus instrumentos de ordenación de recursos humanos ex artigo 74 da Lei 7/2007, do 12 de abril, e que no Concello de Vigo atópanse determinados na vixente Relación de Postos de Trabajo anteriormente indicada.*

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.

Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de despido nulo formulada en escrito de data 05/08/2013 (documento nº 130092919) por D^a Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D^a Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D^a Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, nos termos do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá de data 22/11/2013 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ás reclamantes aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) e Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.